

# Mariscadoras, cultivando o litoral

Ser mariscadora non foi, durante moito tempo, unha elección senón unha necesidade. Mariscar era unha actividade libre, ao alcance de calquera. Neste tempo do marisqueo libre, cando se abría a veda, había centos e centos de persoas e *“apenas tiñas onde meter o legón de tanta xente que ía. Viñan de Figueirido, de Marcón... e cando cocían viñan cun cabadiño coller os berberechos e os mexillóns para faceren empanadas. E aínda habendo tanta xente había para todos”*. Esta facilidade favoreceu que moitas persoas tivesen, por unha parte, posibilidades de acceder a alimento e, por outra, ter a oportunidade de conseguir diñeiro en efectivo da venda do marisco. A mariscar ían sobre todo as mulleres pero tamén había homes.

Os relatos das protagonistas recollen a emoción dunha historia, moitas veces persoal, que se mestura coa profesional. A mariscar aprendíase en familia, de nais a fillas, ou con algunha outra familiar. As nenas e os nenos, que até os sete anos non se admitían na escola, acompañaban as familiares e con elas aprendían o oficio.

Se ben a día de hoxe o marisqueo non semella unha actividade doada, a dureza dos tempos que nos relatan non causa indiferenza.



O marisqueo trabállase en seco ou en mollado, sobre a area ou desde as barcas. Mariscar no mar é, segundo nos din, relativamente recente pois derivou da incorporación ao traballo de apeiros como as varas e as ganchas coas varas. Mariscar en seco é mariscar na area. As mulleres que marisquean en seco fano coas mareas e saben moi ben en que momento a marea sobe e en que momento baixa. Niso, en parte e de diferentes formas, vailles a vida. A ausencia de apeiros de traballo específicos para o seu labor compensábase coa intelixencia no aproveitamento dos recursos que tiñan máis á man; improvisando co aro dun barril ou dun balde. Noutros casos, tamén se recollía o marisco cos dedos, perceptible aínda na xeografía das súas mans:

“Mira que dedos chatos de coller a ameixa. (...) Metíamos os dedos así e quedoume deformados”; ou coa axuda dun sacho ou dun legón: “Ao ir co sacho xa se miraba subir para arriba a auga e despois xa lle dabas co legón e atopabas a ameixa”.

Un dos enxeños que maior repercusión tivo no traballo das mariscadoras de Lourizán foi un caixón cun cristal ao que lle chamaron o *radar*. Este caixón - aberto por un extremo, cun cristal no outro e pechado polos lados -, axudábase a localizar o marisco cando o mar se movía moito, o que dificultaba apreciar os buracos dos bivalvos. Empregábase cando ían mariscar de noite; a través do cristal observaban, sen o impedimento da auga, onde se localizaba a ameixa, metían a man e tirábana da area. De primeiras fixérono de tamaño grande pero resultou non ser moi cómodo cando tiñan que fuxir dos vixiantes da comandancia e adaptárono para ser facilmente transportable.

“E viñan os marinos e téñennos tirado o berberecho ao mare. [...] E unha vez dixéronme: -usted lo tiene que tirar al mar. E eu caladiña e díxenlle: -eu non os tiro, -no los tira? Entonces se los tiramos nosotros, -pois é mellor porque eu non os tiro... e alá o saco todo ao mar. Un traballo enorme tirado”.

No tempo da veda ían á roubeta. Daquela apenas se falaba de furtivismo e referíanse a esta actividade como ir mariscar no tempo da veda ou ir á roubeta. A vixilancia, que dependía da Comandancia da Mariña, contrarrestábase cunha contra-vixilancia que as obrigaba a estar atentas para non seren descubertas, xa que se as pillaban podían poñerlles unha multa e quitarlles o traballo e as ferramentas.

O labor das mariscadoras non acababa ao recoller o marisco; despois había que vendelo. Moita da mercadoría vendíanlla a unhas compradoras que despois a enviaban para Barcelona, para Madrid; polo regular, para os almacenistas grandes. Esta venda á distancia xeraba non poucas picarescas, e nalgunha ocasión teñen enviado telegramas afirmando que a mercadoría se vendía mal. Querían aproveitarse da distancia para dar a entender que o produto estaba en mal



estado e vendelo máis barato e maximizar os beneficios do intermediario. Porén, e a pesar de que moitas delas apenas sabían ler, o engano rara vez prosperaba.

Ademais, os controis sobre a actividade foron en aumento conforme se regularizaba o traballo. Con todo, moitas das medidas foron pouco exitosas. A nivel laboral, a súa situación actual é precaria xa que a única cobertura que teñen é a que ofrece a categoría de autónomas e, vaian mariscar ou non, as cotas deben pagalas igual, haxa veda ou non.

“A miña vida tamén é outra historia. Aos 14 anos fun para unha fábrica de gasosas, a repartir e máis a traballar. Despois fun a servir. Aí estiven, eu que sei, uns anos. E de aí caseime. E ao casarme fun de marisqueira e máis andaba no campo a traballar. E aí xubileime. Teño 3 fillos e xubileime sen paga. E agora aínda estou pagando, con 72 anos”.

Tamén declaran ter problemas coa etiquetaxe do produto, que non sempre se corresponde co marisco galego. En xeral, a vida da mariscadora vese empeorada desde a perspectiva destas mulleres que viviron outra forma de marisqueo.

Pero ademais das dificultades pola situación persoal do traballo, da dureza e condicionantes; da lexislación; e das dificultades para a venda; o mar foi tamén fonte de conflitos pois supón un recurso suxeito a grandes intereses. En Lourizán, por exemplo, aínda se garda memoria da implantación de Celulosas, da construción da avenida de Marín, da ampliación do porto... do que foi a ría de Pontevedra e do que é a día de hoxe. *“Veu o proxecto da Celulosa, que nos colleron ese cacho todo, e nós daquela, tiñabamos que vender os birbirichos e non nolos compraban [as compradoras que despois distribuían], hasta que fomos a Pontevedra con pancartas, mortos de fame e ao chegar ás Corbaceiras baixaban os cabalos todos, eramos tropelladas, e dando volta para poder vender e poder comer cos cartos dos catro birbirichos”.*

Nesta mesma parroquia, o areo principal de cría da praia dragouse para o recheo de Celulosas. Moitas mulleres defenderon o areo, de onde recollían a maior parte da cría, e houbo un importante conflito que incluso lles supuxo ir ao cárcere. *“Non tiveron compaixón de ningunha clase”*, afirman. E acompañando esta sentenza, lembran: *“Antigamente un señor dixo: lobos vos comerán, e do monte non serán”.*